

1. Introducción

Este ODE é auxiliar ao proxecto Inteligere & Co, unha serie de cinco secuencias didácticas dedicadas ás relacións entre a intelixencia artificial e a lingua. O seu propósito é que elaboren un prototipo co que demostren que aprenderon as distintas características da IA e como deben deseñar o seu despregue dende unha perspectiva crítica.

O éxito de ferramentas como ChatGPT, DeepSeek, Gemini ou similares, a expansión acelerada das ferramentas de Intelixencia Artificial e a súa rápida integración na sociedade están transformando a nosa vida cotiá, a nosa interacción coa tecnoloxía e abrindo unha nova etapa na evolución da sociedade da información. No ámbito educativo, este cambio implica o acceso do alumnado a aplicacións avanzadas para a creación de contidos, que ofrecen resultados personalizados e interactivos capaces de simular a coherencia dun texto elaborado por unha persoa. Isto plantexa retos relevantes que inclúen o desenvolvemento de competencias dixitais específicas, a promoción do uso responsable das tecnoloxías dispoñibles e a prevención de novas formas de desigualdade dixitais e a reprodución de estereotipos discriminatorios. Para garantir un uso enriquecedor da IA, é fundamental fomentar o pensamento crítico, a análise interpretativa, a responsabilidade ética e a creatividade, garantindo así unha aprendizaxe profunda e significativa.

A estrutura modular do proxecto permite adaptar o ODE (ou partes del) a outras materias do currículo. O curso recomendado para a súa aplicación é 4.º da ESO, xa que require competencias dixitais previas, certa madurez argumentativa e inclúe contidos curriculares apropiados, como o estudo dunha etapa literaria específica. Sen embargo, o deseño do ODE permite a súa adaptación a outros niveis educativos.

Este ODE aporta a elaboración dun prototipo de IA (sen que a súa implementación sexa necesaria) e serve como reto final aos distintos ODE da secuencia.

1.1. Obxectivos de aprendizaxe

O ODE ten como eixe central a demostración da aprendizaxe sobre distintos elementos da IA a través dunha proposta activa e creativa que ofrece contidos sobre a textualidade dixital e o impacto da intelixencia artificial nas modalidades lingüísticas de uso. Os obxectivos didácticos específicos recollen os de todos os ODE:

1. **Comprender e analizar textos expositivos e argumentativos sobre a intelixencia artificial**, valorando a súa estrutura, lingua e intención comunicativa.
2. **Producir textos escritos e orais, individuais e en grupo, cun propósito comunicativo claro**, utilizando unha lingua axeitada, coherente e cohesionada.
3. **Traballar de forma cooperativa na elaboración de contidos**, organizando roles e responsabilidades dentro do grupo.
4. **Revisar e avaliar criticamente a presenza e impacto da IA na vida cotiá e na cultura popular**, aplicando o pensamento crítico e creativo.
5. **Utilizar ferramentas dixitais para crear, revisar e presentar produtos finais**, desenvolvendo a competencia dixital.
6. **Aplicar estratexias de aprendizaxe cooperativo**, baseadas no respecto mutuo, a responsabilidade compartida e a autorregulación do grupo.

A secuencia integra os contidos do currículo da área de lingua (análise textual, argumentación, ética comunicativa) coas competencias clave do perfil de saída, especialmente a **competencia dixital crítica** e a **conciencia cívica**. A conexión cos retos do século XXI garante que o alumnado desenvolva habilidades para actuar como cidadáns responsables nun mundo tecnolóxico e multicultural.

2. Metodoloxía e cronograma da ODE

O desenvolvemento das diferentes seccións está previsto para un total de 9 sesións. As tarefas e actividades cooperativas indican o tempo que debe dedicarse á súa preparación.

Esta ODE organízase en catro únicas tarefas que é un deseño distinto do resto de ODE cos que está relacionado.

O deseño da situación de aprendizaxe proposta integra a metodoloxía cooperativa para garantir unha construción significativa do coñecemento, favorecendo a interacción entre iguais e promovendo a aprendizaxe reflexiva e participativa. O obxectivo principal é que o alumnado non só adquira os contidos, senón que tamén desenvolva habilidades comunicativas, pensamento crítico e metacognitivas mediante a colaboración estruturada.

O ODE combina diferentes estruturas cooperativas; a súa función principal é mobilizar os coñecementos que o alumnado ten pola súa experiencia sobre a IA.

Ao ser actividades abertas, requiren un sistema de autoavaliación e coavaliación que promova a autonomía e a responsabilidade compartida na aprendizaxe. Desta maneira, a metodoloxía cooperativa non só estrutura a dinámica da aula, senón que tamén se estende á propia avaliación, garantindo que os estudantes participen activamente no seu proceso de aprendizaxe. Este modelo fomenta a interacción, a reflexión e a corresponsabilidade, elementos clave para unha educación significativa e equitativa.

3. Criterios de Avaliación e Logros Mínimos

A relación entre os contidos didácticos propostos no ODE e os criterios de avaliación e os logros mínimos establecidos no currículo de Lingua e Literatura Galega para 4.º da ESO detállase nas seguintes táboas que recollen esta información, co fin de facilitar a súa integración no proceso de ensino-aprendizaxe. A primeira táboa detalla os criterios de avaliación e as competencias clave asociadas, mentres que a segunda establece os logros mínimos por áreas.

Criterio de avaliación (CE)	Competencia clave (CC)	Indicador de logro (IL)
CE1.1. Comprender e interpretar textos expositivos, argumentativos e divulgativos.	CCL, CD, CPAA	IL1.1. Identifica a estrutura e intención de textos sobre IA, diferenciando feitos de opinións.
CE2.2. Producir textos escritos e orais con corrección gramatical e adecuación ao contexto.	CCL, CD	IL2.2. Elabora textos orais e escritos (como o horario ou a historia con IA) con coherencia e cohesión.
CE3.1. Participar en actividades de grupo, asumindo roles e responsabilidades de forma activa.	CPS, CSC	IL3.1. Cumpre co rol asignado, contribúe ás tarefas e respecta as aportacións do grupo.
CE4.3. Reflexionar sobre o uso das tecnoloxías e o seu impacto social.	CD, CCEC	IL4.3. Elabora un DAFO sobre a IA mostrando análise crítica de fortalezas, debilidades, oportunidades e ameazas.
CE5.1. Utilizar ferramentas dixitais para procesar e presentar información.	CD	IL5.1. Utiliza recursos dixitais (presentacións, documentos colaborativos) con fins comunicativos.

Indicador de logro (IL)	Nivel mínimo de consecución
IL1.1. Identifica a estrutura e intención de textos sobre IA, diferenciando feitos de opinións.	Recoñece a estrutura básica dun texto (introdución, desenvolvemento e conclusión) e planifica un proxecto.
IL2.2. Elabora textos orais e escritos con coherencia e cohesión.	Presenta un texto claro, con conexión lóxica de ideas e uso correcto da lingua (sen erros que dificulten a comprensión).
IL3.1. Cumpre co rol asignado no grupo, contribúe ás tarefas e respecta as aportacións do grupo.	Participa activamente, respecta as intervencións do grupo e colabora segundo o rol asignado.
IL4.3. Elabora un proxecto sobre a IA mostrando análise crítica.	Presenta os diversos apartados do proxecto, expónos á súa audiencia e reelabóraos en función dos comentarios recibidos.
IL5.1. Utiliza recursos dixitais con fins comunicativos.	Usa correctamente polo menos unha ferramenta dixital (presentación ou documento colaborativo) para organizar e comunicar información.

4. Instrumentos de avaliación

A proposta parte da creación dunha situación ficticia: a existencia dunha fundación, **Intelligere & co**, que investiga e desenvolve no campo da IA. A través deste tema, os estudantes traballan nunha serie de situacións de aprendizaxe nas que exploran o universo da IA e as súas aplicacións, o que facilita o

desenvolvemento de competencias.

A estrutura permite:

- a) Crear un itinerario educativo lúdico e motivador no que os estudantes experimentan coas intelixencias artificiais dispoñibles para lograr misións específicas. b) Reforzar a dimensión instrumental da IA para que o alumnado sexa consciente da complexidade da comunicación humana e da importancia de definir os seus obxectivos e propósitos de acordo con principios éticos para desenvolver un espírito crítico, proactivo e empático.
- b) Agrupar en tarefas significativas un conxunto de actividades máis específicas relacionadas cos obxectivos curriculares, simulando escenarios reais e problemas prácticos.
- c) Contribuír ao logro do perfil de saída garantindo o dobre obxectivo de formación persoal e socialización, afrontando os retos e problemas actuais.

A proposta didáctica do proxecto da fundación **Intelligere & co** propón equipos de traballo que superen diversos desafíos relacionados coa intelixencia artificial e as súas interseccións coa cultura, a comunicación e a lingua. O uso da plataforma eXeLearning permite combinar actividades interactivas con tarefas cooperativas que utilizan as estruturas de Kagan.